



## **ANEXO III:**

# **“PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”**

## **CEIP DE QUIROGA**

O Plan de Continxencia do CEIP de Quiroga ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.



### ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

◦ máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.

◦ De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula, ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras FFP2, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a



información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

### **ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado



- que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teñan dificultades de conexión o falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
  3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
  4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
    - a) Utilización da aula virtual do centro, a partir de 3º de EP, por parte das titoras e dos mestres/as especialistas. En 5º e 6º de EP por ser cursos E-Dixgal utilizarase o EVA (Entorno Virtual de Aprendizaxe). Para as video-chamadas utilizaremos Cisco-Webex
    - b) Educación infantil utilizarán o blog da etapa, a páxina web ou a aula virtual e 1º e 2º de EP a páxina web do colexio ou a aula virtual
    - c) Para comunicación coas familias todos os mestres/as utilizarán a aplicación AbalarMóbil e/ou o correo corporativo.
  5. É fundamental o mantemento da actividade lectiva. Para garantir a efectividade das diversas fórmulas o profesorado realizará probas de funcionamento durante os primeiros días lectivos por se fose preciso empregar a modalidade a distancia durante o curso. Estas fórmulas recolleranse nas programacións de aula e na PXA e incluírán a metodoloxía que se seguirá en cada caso, así como os mecanismos de seguimento continuo do alumnado.
  6. Todo o profesorado terá acceso á aula virtual aos niveis nos que imparte docencia, tamén terán acceso a eses niveis o profesorado de PT, AL e de apoio de EI. O equipo directivo e a orientadora terá acceso aos diferentes niveis. Así mesmo proporcionarase acceso á inspectora.
  7. Durante o mes de setembro as titoras e os titores que empreguen esta fórmula facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual e iniciarano no seu funcionamento e metodoloxía por se fose preciso a modalidade de ensino a distancia.
  8. Por razóns de inclusividade, non haberá na aula virtual ningún “curso ou apartado” específico para AL e PT. O alumnado con neae é alumnado do seu grupo-aula e é aí onde se incluírán as propostas adaptadas que se precisen e será nese espazo onde traballará conxuntamente co resto do alumnado.
  9. Corresponde a cada titoría identificar ao alumnado que por falta de recursos non puidese acceder ás diferentes fórmulas de ensino a distancia e notificaranllo ao equipo directivo. As familias deberán comunicar ao profesorado titor as dificultades de conexións ou material dixital que teña para que se poidan pensar conxuntamente alternativas viables.



**No caso de que non sexa posible o ensino presencial:**

10. O profesorado traballará co alumnado a través da aula virtual, blog e páxina web. O traballo proporase con metodoloxía integradora ou globalizadora. As familias comunicarán ao profesorado as dispoñibilidades/dificultades de conexión ou falla de equipamento para, na medida do posible, tentar atopar solucións conxuntas e minimizar os efectos negativos para o alumnado.
11. As tarefas propoñádas o profesorado a través da aula virtual e/ou o correo electrónico corporativo (no caso de algún alumno/a en corentena), o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas. Ao alumnado con falta de recursos dixitais tentarase buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades e a achega das mesmas ás titoras e aos titores.
12. Combinaranse actividades virtuais e non virtuais: traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, textualizacións, esquemas e resumos, lectura, contestación de preguntas, cuestionario, resolución de operacións, elaboración de vídeo/presentación/fotos/..., exercicios de completar, manexo de..., visionado de vídeos, escoita de información/contos, formulación de preguntas, debuxo, composición...
13. Usaranse actividades con formatos variados: pdf, vídeos, textos de word, presentacións, imaxe, ...
14. Para o alumnado con neae o profesorado adaptará as propostas coa orientación da xefa do DO e a colaboración das mestras de PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira, non se establecerán fórmulas non inclusivas.
15. Os horarios de conexión por videoconferencia respectarán os horarios de titoría e especialidades. Serán elaborados/coordinados pola xefatura de estudos e calquera modificación necesaria deberá comunicarse oportunamente. Terase en conta a inclusión, polo que non haberá videoconferencias separadas con alumnado con neae (os horarios de apoio e intervención en aula do profesorado de PT e AI coordinarase con xefatura de estudos e DO). Por razóns educativas e de efectividade, terán unha duración limitada. Na duración das videoconferencias terase en conta a idade do alumnado e os seus períodos de atención polo que non poderán ter unha duración superior a 90 minutos total (esta máxima duración co alumnado de 5º e 6º), poderán establecerse por grupos pequenos de clase. Estas conexións deberán facerse entre as 9 e as 14 e non se simultanearán con titorías coas familias. As videoconferencias co alumnado máis pequeno usaranse basicamente para manter o contacto, facer algunha indicación puntual, conversar sobre as tarefas, facer unha pequena presentación dun traballo, ...



Debe terse en conta que nunca nelas se pode facer o mesmo que nunha clase presencial.

16. A avaliación será continua e global, terá en conta as actividades e traballos realizados ademais dos resultados nos instrumentos de avaliación segundo o que o profesorado de nivel/área/materia indique nas correspondentes programacións.
17. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

#### **Pautas para o centro educativo para o ensino-aprendizaxe non presencial:**

- 1. Proporcionar información.** Manter informada das novidades a toda a comunidade educativa e para isto utilizar todos os medios posibles: redes sociais do colexio, aplicación Abalar Móbil, web do centro, blogs, etc.
- 2. Fomentar a colaboración e a coordinación** entre os distintos sectores: equipos educativos, departamentos de orientación, CCP e equipo directivo.
- 3. Protexer a privacidade e a seguridade dos datos.** Utilizar aplicacións e plataformas que garantan a privacidade dos datos e as imaxes dos usuarios, e que son aconselladas pola Consellería de Educación.
- 4. Revisar o desenvolvemento dos procedementos.** Reflexionar e revisar os procedementos (comunicación, coordinación, atención ao alumnado, avaliación, etc.) que se puxeron en marcha. Sempre estamos a tempo de facer cambios para melloralos.
- 5. Atender ás familias.** Moitas familias están vivindo tempos complicados e a educación de seus fillos é unha preocupación importante. Procurar atendelas, mantelas informadas, planificar titorías ou reunións online, etc.
- 6. Proporcionar asistencia en canto ao uso das TIC.** A organización de breves sesións de formación online pode axudar a algúns docentes a superar as súas dificultades coas TIC. É unha oportunidade para aprender a desenvolvernos nun entorno dixital.
- 7. Utilizar aplicacións e plataformas coñecidas.** A utilización dunha gran cantidade de aplicacións e plataformas pode angustiar aos estudantes. O máis sinxelo é usar as que xa coñecemos. Non hai que esquecer que unha parte dos alumnos utilizarán o teléfono móbil, polo que deben ser compatibles con estes dispositivos.
- 8. Prestar atención ao alumnado “non conectado”** É necesario aplicar medidas que garantan o acceso á educación a distancia do alumnado que non dispón de dispositivos dixitais ou conectividade. Solicitar á administración educativa medios



tecnolóxicos para atendelos, de non ser suficientes o 5 equipos achegados pola Consellería.

Os mestres/as seguirán as seguintes pautas para o ensino-aprendizaxe non presencial:

**1. Manter un contacto diario** co grupo clase e, eventualmente, coas familias polo canal ou canais máis apropiados segundo as circunstancias da familia, para **acompañar e guiar aos alumnos** na adopción do contorno dixital, as novas pautas de estudo e do traballo autónomo, tendo en conta especialmente o **factor de apoio emocional**.

**2. Definir con claridade os obxectivos e as tarefas a realizar.** Ofrecer orientacións sinxelas, precisas e mecanismos de apoio, tanto didácticos como tecnolóxicos, para desenvolver as tarefas prantexadas. Centrarse nos elementos esenciais das competencias clave.

**3. Evitar sobrecargar de traballo ao alumnado.** A tal fin, é moi oportuno que establecer axendas **compartidas** cos alumnos/as e co resto de docentes do mesmo curso, para organizar e planificar o traballo escolar na modalidade a distancia.

**4. Prantexar tarefas asumibles e de duración acoutada.** Durante as sesións de clase habituais, os alumnos no están todo o tempo realizando tarefas de forma intensa. Por tanto, non é aconsellable propoñer traballo escolar para realizar na casa que ocupe o mesmo ou maior tempo que unha xornada escolar.

**5. Seleccionar actividades inclusivas para atender ao alumnado NEAE.** Neste sentido débese favorecer actividades e tarefas que permitan integrar a todo o alumnado no proceso de aprendizaxe .

**6. Garantir un *feedback* dilixente e personalizado.** O factor rapidez é un valor engadido ás respostas e correccións do docente na interacción didáctica a distancia. Así mesmo, as intervencións do docente nas contornas virtuais de aprendizaxe deben ser regulares para estimular e enriquecer as aportacións dos alumnos/as.

**8. Implementar modalidades de avaliación acordes co contexto de aprendizaxe non presencial.** A interacción pedagóxica a distancia ofrece a oportunidade e require poñer en práctica modalidades de avaliación formativa que sexan coherentes cos puntos anteriores. Exemplos destas modalidades son: rúbricas, cuestionarios interactivos de autoevaluación etc.

**9. Protexer a privacidade dos alumnos nas contornas dixitais.** Priorizar o uso das plataformas virtuais que facilitan ou recomendan a Consellería de Educación que garanten a privacidade e a seguridade dos datos sensibles dos alumnos e os docentes. Neste senso é moi importante seguir as [recomendacións do INCIBE](#).



## MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

1. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe dos alumnos incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.
2. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

### Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 50% en grupos de menos de 20 alumnos

Obxectivos: (por determinar)

- Formar aos alumnos na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Avaliación desa etapa.

### Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 3 xornadas lectivas

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 % en grupos de máis de 20 alumnos e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos





Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual.

**Fase 4** (Fase de reactivación)

Duración: (2 xornadas lectivas)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases
- Comprobar o grao de adquisición do traballado.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

Quiroga, setembro 2021